



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación bases de convocatoria de subvencions para actividades de bienestar 2023

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 17/07/2023, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/23), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencions a entidades para actividades de bienestar para **2023**, que se reflicten de seguido.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE BIENESTAR REALIZADAS DURANTE O ANO 2023

1ª.- OBJECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencions destinadas a actividades do ámbito de organizadas ou promovidas por asociacións do concello de Teo durante ano 2023, con cargo á partida **230/480.00** do Orzamento de 2022 prorrogado, por un importe total de **7.500 euros**.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da inclusión social de persoas e colectivos, así como o fomento de actividades que melloren o bienestar social e comunitario de todos os veciños e veciñas do concello de Teo.

2ª.- BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarias ás asociacións con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten o bienestar comunitario e social, con especial atención ás que se dirixan a colectivos con dificultades de inclusión social. So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencions todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten o bienestar social, con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo.

2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non estar incursoas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencions por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencions concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencions.
- Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes **obrigas**:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención, e acreditar mediante a memoria correspondente a súa realización.
- Comunicar o inicio ou celebración das actividades **subvencionadas con anterioridade a súa celebración**, así como calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou outra alteración substancial da mesma.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.
- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.
- Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes actividades realizadas dentro do territorio do concello de Teo no ano 2023:

- De tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobio, etc.
- De ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro a través de obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.
- De tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, conferencias, coloquios, etc.
- De actividades de interese patrimonial, medio ambiental ou de rutas.
- Celebracións tradicionais como magostos, cacharelas, entroido, etc. Estas actividades deberán ser en aberto, e incluíranse na memoria os ingresos pola venda de produtos

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos, nin de sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4ª.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Teo, que irá acompañada dos seguintes documentos:

- a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades programadas e as prazas para cada unha. (Anexo II)
- b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.
- e) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos. No caso de non tela depositado con anterioridade ou de ter cambiado.
- f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Esta declaración esta incluída no anexo I.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede www.teo.gal no apartado de subvencións, axudas e premios.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención

non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

5ª.- IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCÍONS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 25% da contía global.

6ª.- ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concellería delegada de Servizos Sociais nos prazos indicados nas presentes Bases. Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: o concelleiro da área de Servizos Sociais.
- Un/unha técnico/a da área de Servizos Sociais.
- Concelleira de Igualdade

A comisión será o encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

7ª.- TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como **criterios de valoración** das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva, os seguintes:

CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE	ATA 55 PUNTOS
Valoración da actividade global (actividades subvencionadas e non subvencionadas) da entidade e importancia para o benestar de Teo	Ata 30 puntos
Nivel de colaboración e coordinación con actividades similares municipais	Ata 10 puntos
Por cada actividade para a que se solicite subvención puntual sen custo para as persoas participantes	5 puntos
Por actividade continuada para a que se solicite subvención (mais de 4 sesións) sen custo para as persoas participantes	10 puntos

CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 35 PUNTOS
Actividades comunitarias para celebrar festas tradicionais abertas á toda a poboación	Ata 10 puntos
Déficit de actividades análogas no territorio de influencia	Ate 10 puntos
Colectivos ao que se dirixe a actividade (xuventude, muller, terceira idade) Estas actividades deberán ter como destinatarios específicos estes colectivos.	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos

8ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

A resolución da concesión deberá notificárlles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionadas de acordo do punto 2 desta convocatoria.

9ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 15.11.2023.

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **debera incluír:**

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: **ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIÓNABLE NO CONCELLO DE TEO**".

- Xustificantes do pagamento das facturas:
 - No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.
 - Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal. O modelo atópase na páxina web www.teo.es, sección de Administración: Trámites: Descarga de impresos: Tesourería: Alta ou baixa de datos bancarios.
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Sobre a execución das actividades subvencionadas deberá achegarse:

- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados coa actividade subvencionada: anexo III

Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acreedor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do RD 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade anexo IV
- Datos xerais dos ingresos da entidade segundo anexo V.
- Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas. Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificárase o cambio.

Admitíranse como **gastos subvencionables** os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarase copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

As subvencións xustificáranse antes do 15/11/2023 . Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 25/11/2022 . No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado,

procederáse á revogación da mesma. **A non presentación da conta xustificativa dentro do exercicio 2023 dará lugar á perda da subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na chegada, esta se verá reducida proporcionalmente.

10ª.- CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

11ª.- RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

12ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2023 a seguinte lenda “co apoio do concello de Teo”, seguido do escudo oficial do mesmo.

Teo, 6 de xullo de 2023

O Concelleiro de Servizos Sociais

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Teo, 20 de xullo de 2023

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

CONCELLO DE TEO
SUBVENCÍONS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR - ANO
2023

ANEXO I – SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	NIF
DATOS DA CONTA BANCARIA	
TITULAR DA CONTA	
NÚMERO DE CONTA (con IBAN – 24 díxitos)	
DECLARACIÓN XURADA	
<p>Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións. 2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria. 3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social. 4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 5) Que SI NON (marcar o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____ € 6) A entidade á que represento non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. <p>Teo, _____ de _____ de 20_____</p> <p>A persoa representante da entidade</p> <p>Asdo.</p>	

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCÍONS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR - ANO
2023

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	NIF
NÚMERO DAS PERSOAS SOCIAIS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén):	

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____
ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____
Ingresos previstos: _____
Contía solicitada: _____
ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____
Ingresos previstos: _____
Contía solicitada: _____

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____
Teo, _____ de _____ de 20_____ A persoa representante da entidade Asdo.

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCÍONS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR - ANO
2023

ANEXO III – XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS				
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)				CIF
NOME DA ACTIVIDADE				
TIPO DE ACTIVIDADE. Breve descrición (indicar o número de persoas participantes)	Data	Ingresos	Gastos	Subvención
Teo, _____ de _____ de 20_____ A/O presidenta/e A/O tesoureira/o Asdo.: Asdo.:				

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO

**CONCELLO DE TEO
SUBVENCÍONS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR - ANO
2023**

ANEXO V

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DE ENTIDADE		
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)		CIF
NOME DA ACTIVIDADE		
CONCEPTO	PROCEDENCIA	€
Achega das persoas socias	Por cotas	€
Subvencións do Concello de Teo	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
Outros ingresos (de ser o caso)	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
IMPORTE TOTAL		€
Teo, _____ de _____ de 20_____		
A/O presidenta/e		A/O tesoureira/o
Asdo.:		Asdo.:

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO